

ARTE

Jesús Pastor: as posibilidades da impresión

► O artista bilbaíno afonda nas posibilidades da percepción nunha subversión mecanicista das técnicas do gravado que fai do negativo a culminación creativa

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

A maquinaria, o motor indispensable para o desenvolvemento da civilización humana, é do que se serve o traballo de Jesús Pastor (Santurce-Bilbao, 1954) para crear unha serie de pezas nas que a base de mármore, aluminio, ferro ou o emprego dos campos magnéticos dan unha nova vida á antiga técnica do gravado.

A electrografía é o soporte dunha realización que exhibe ademais do matriz, toda a estrutura interna da peza, o puro organigrama coas respectivas tramas que forman o negativo e a prancha, elevada á categoría de obra artística.

Subverte as antigas prácticas do gravado, convertendo as antigas estampas múltiples e febles en únicas, presentadas sen ningún mengue e duradeiras. O negativo, o que é inicio, pasa a ser a culminación do desenvolvemento artístico. O autor presenta pezas en fondos ou formando dípticos ou trípticos que proxectan interrogantes relativas a toda a problemática da percepción. De lonxe parecen instalacións que provocan no ollo do espectador unha ilusión óptica de movemento e simultaneidade que por momentos chega ó abismo; de preto esa sensación dilúese nunha superficie real dividida en fragmentos de diferentes texturas, veos ou ocos. Son como rexistros conceptuais susceptibles de apreender.

Próximos a estas pezas percibimos unha pluralidade de compoñentes espaxiados en espazos interlineais, onde se xoga con conceptos de luz, cor, sombras veladuras ou variedade de densidades. O traballo artístico de Jesús Pastor está vinculado ós or-



Jesús Pastor ante unha das obras da colección 'Reversos' que expón na Galería C5

zamentos conceptuais mostrando, unha vez máis, como a arte ten unha linguaxe interna e secreta que o artista codifica e moldea á súa maneira lexitimando o inasible á vez do obxecto artístico. Unha obra que comunica co público modificando a postura pasiva do espectador para que este participe da práctica

A electrografía é o soporte que exhibe ademais do matriz, a estrutura interna

artística tocando a superficie obxectual. Por medio do tacto péchase o longo ciclo deste traballo, permitindo que o público descargue nas pezas a súa memoria e carga cultu-

ral. Jesús Pastor valora especialmente o espazo arquitectónico. As pequenas salas, dunha ben rehabilitada vivenda do emblemático núcleo histórico compostelán, como é o caso da galería C5 Colección, confírenllos plena actualidade a unhas pezas que saen ó encontro de cada destinatario aproveitando as luces e angulacións do lugar; todo iso en prol de sacar o máximo partido á sensación táctil que producen estas seriacións. Son pezas próximas a poderosas paisaxes nos que a idea de seriación nos aproxima á obra de Donald Judd pero que á súa vez se distancia pois as obras do americano en ningún momento etán ideadas para ser tocadas.

De todas as maneiras, na marxe de que o artista vasco

reflexione sobre a arte desde a propia historia da arte, a súa achega fundamental nótrese de pura filosofía productiva completa estudos e de proxectos de investigación

instalacións que provocan no ollo unha ilusión óptica de movemento

plástica en diversas universidades vinculadas especialmente a procedementos de reprodución industrial. O autor leva a cabo ademais un proceso de recuperación e indagación arqueolóxica do signo electrográfico para conseguir nas súas pezas un aspecto visual e artístico sumamente coidado.

CINE

A mocidade, o sexo e as películas

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO

París. Ano 68. Tres mozos tratan de se situar no mundo descubrindo a vida con trago longo, a cano aberto, sen censuras. Unha parella de irmáns, o outro un ianqui acoplado que acepta as súas tolerias e retos porque tamén é novo, curioso, e necesita, coma eles, experimentar, saber quen é, cómo se organiza o mundo e cara onde quere ir. Os tres, gobernados pola impulsividade e anarquía propias da idade e da época, unidos pola paixón polo cine e por tódalas curiosidades intelectuais propias do momento péchanse no piso dos pais, mentres eles abdican dos seus deberes paternais, para enredar e probar coa liberdade, co sexo, coa vida.

Para Bertolucci son *Soñadores*, tal e como titulou o seu filme, mais eu penso que mellor lles iría experimentadores. Non soñan especialmente cunha sociedade nova, nin con xeitos diferentes de vida, senón que máis ben invisten tempo, intelixencia e paixón experimentando, descubrindo o que dan de si as relacións, as arroutadas, as transgresións, as ideas, os riscos. O piso que os pais lles deixan é un laboratorio de probas, especialmente no campo sexual, articulado maxistralmente arredor do enredo sobre a paixón polo cine. É sen dúbida o engarce entre gusto e sabedoría cinéfila coa experimentación dos mozos o que logra que o filme non se converta nunha reiterada e explícita entrada no sexo por parte dos mozos. Nin o espírito libertario nin o ambiente sociocultural da época xustifican un abuso dos ritos de iniciación sexual por parte dos tres mozos (a parte a débil consistencia da relación entre os dous irmáns) se non fose pola bela e sutilísima introducción de flashes cinematográficos coa que vai enramada historia. Os tres demostran estar tolos polo cine, coñecen tódalas películas, e isto sérvelles de xogo e pretexto para arriscarse coas probas máis difíciles, as máis desexadas tamén. O cine dentro da pechada relación dá aire e vida á por veces monótona acción.

Os actores interpretan de xeito crible, a música recolle significativos temas da época, e, agás algúns momentos mortos, a película merece a pena, pois o esteticismo e pedertería de películas anteriores de Bertolucci parecen superados, devolvéndonos a lugares máis achegados a *O último tango en París*. E como por fortuna a mocidade actual non ten que ir a Perpiñán para ver *Soñadores*, resultaralles gracioso comprobar que os seus vellos eran aqueles inxenuos experimentadores a corpo limpo.

A DEPUTACIÓN DE OURENSE

COA NOSA

CULTURA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSECENTRO CULTURAL
DEPUTACIÓN OURENSEREAL BRADO DE OSERRA
MONTAÑICHI QUANGSIOCORRERAS
FOLCLOREOBRADOIRO
DE INSTRUMENTOSESCOLA DE
ARTES E OFICIOS

Biblioteca